

CONVOCATORIA PARA PRESENTAR PROPOSTAS DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN PARA O DESENVOLVEMENTO DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS, NO MARCO DO COMPOÑENTE 21, INVESTIMENTO 6, DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PLAN MICROCREDS)

1.	Antecedentes e xustificación	1
2.	Obxecto	1
3.	Normativa aplicable.....	1
4.	Persoas destinatarias.....	2
5.	Actuacións financiáveis	2
6.	Requisitos das actuacións financiáveis.....	2
7.	Financiamento.....	3
8.	Presentación de solicitudes e prazo	3
9.	Gastos elixibles	4
10.	Gastos non elixibles.....	4
11.	Resolución das propostas.....	4
12.	Certificación	4
13.	Xustificación	4
14.	Publicidade e información.....	5
15.	Protección de datos	5

1. Antecedentes e xustificación

Ao abeiro do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, aprobouse o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, que foi modificado en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 6 de xuño de 2023, polo que se aprobou a Addenda ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (a partir de agora PRTR).

Entre as medidas recollidas no mencionado plan, está o Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias, cuxo obxectivo é impulsar unha nova oferta de microcredenciais universitarias para a recualificación da poboación adulta mediante formacións breves, flexibles, modulares, acumulables e orientadas á adquisición de habilidades e competencias concretas requiridas no ámbito laboral.

En decembro de 2023, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, acordou a efectiva distribución dos créditos ás respectivas comunidades autónomas e formalizáronse os compromisos derivados para poñer en marcha este plan durante os exercicios 2023-2026. O 5 de xaneiro de 2024, a Comunidade Autónoma de Galicia ingresou a cantidade correspondente e acordou subscribir un convenio, asinado o 02/05/2025, entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades públicas do sistema universitario galego (SUG), Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, para o desenvolvemento e a execución das microcredenciais (a partir de agora Convenio Microcreds).

Como resultado da citada distribución, á Universidade da Coruña pertencelle a emisión de **989 microcredenciais** correspondentes a, como mínimo, **16 accións formativas diferentes**.

En consecuencia, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da Unidade de Estudos Propios (UEP), realiza a seguinte convocatoria de axudas para financiar a produción e a impartición de microcredenciais universitarias (a partir de agora MCU) destinadas a cubrir as necesidades de recualificación e a mellora da empregabilidade da poboación de 25 a 64 anos. A convocatoria está financiada pola subvención recibida da Xunta de Galicia segundo o Convenio Microcreds.

2. Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto financiar o desenvolvemento e a execución de MCU presentadas a partir da súa entrada en vigor, que se desenvolvan durante o ano 2025 e o primeiro semestre do 2026 e que cumpran os requisitos para ser financiadas cos fondos transferidos á UDC mediante o Convenio Microcreds.

3. Normativa aplicable

A convocatoria rexerase pola seguinte normativa:

- [Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e execución de microcredenciais, no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU](#)
- [Regulamento de estudos propios da UDC](#)
- Calquera outra norma de carácter autonómico, nacional ou europeo aplicable á formación mediante

microcredenciais e aos fondos Next Generation EU, entre eles, o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

4. Persoas destinatarias

Poderá presentar a solicitude de microcredenciais universitarias para o seu financiamento o profesorado da Universidade da Coruña que cumpra as condicións establecidas no *Regulamento de estudos propios da UDC*.

Unha mesma persoa poderá propoñer máis dunha microcredencial, sempre que se cumpran as condicións establecidas no Regulamento de estudos propios da UDC.

5. Actuacións financiáveis

As actuacións financiáveis con cargo ao convenio son as que se mencionan a continuación, cos límites mencionados na cláusula 7.3 do Convenio Microcreds:

- Produción de novas formacións conducentes a microcredenciais nas universidades públicas.
- Actividades instrumentais para o desenvolvemento desta oferta.
- Actividades de intermediación entre as universidades e os sectores produtivos, administracións públicas e entidades sociais.
- Concesión de bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación.
- Actividades de xestión necesarias para organizar ou impartir formacións e/ou bolsas ou axudas.
- Actuacións de seguimento e avaliación das microcredenciais.

6. Requisitos das actuacións financiáveis

O deseño e desenvolvemento das microcredenciais deberase axustar á «Recomendación para un enfoque europeo sobre microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade», e en concreto:

- a) A oferta de microcredenciais deberá estar orientada á recualificación da poboación de 25 a 64 anos, feitos na data do comezo do curso.
- b) O deseño das microcredenciais deberá estar enfocado de forma explícita a resultados de aprendizaxe específicos.
- c) A emisión das microcredenciais estará condicionada á avaliación positiva dos coñecementos, habilidades ou competencias adquiridos por parte dos e das participantes.
- d) De xeito xeral, o prezo de matrícula das microcredenciais non será inferior ao 30 % dos custos directos de produción e impartición e, en todo caso, o dito prezo non poderá superar os custos de produción e impartición, que se estima en 94 euros por alumno/a e crédito ECTS.
- e) Para o 25 % do alumnado a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custo inferior, de acordo cos criterios de necesidade económica e social do alumnado. As universidades comprométese a que unha parte da oferta das microcredenciais se oriente a colectivos de persoas en vulnerabilidade social e necesidades formativas específicas, en colaboración con entidades sociais ou con administracións competentes en materia de acción social ou migracións.

- f) A oferta de microcredenciais basearase nunha prospección das necesidades de recualificación da poboación adulta, así como dos sectores produtivos, as administracións e as entidades sociais, co obxecto de facilitar a programación e a actualización de microcredenciais relevantes para as persoas traballadoras e as empregadoras. Este aspecto articularase presentando o documento de «declaración de interese».
- g) Para participar neste plan recoméndase que as microcredenciais sexan dunha duración curta (entre 2 e 6 ECTS) e nunca superar os 14 ECTS. A modalidade de impartición pode ser presencial, híbrida (semipresencial) ou virtual.
- h) As microcredenciais deberán adoptar a certificación dixital co obxecto de garantir a seguridade, veracidade e portabilidade internacional, e posibilitar a súa almacenaxe e visualización na carteira dixital do novo Europass.
- i) Cumprir coas medidas de información, comunicación e visibilidade, así como cos criterios de imaxe institucional establecidas na cláusula décima do [Convenio Microcreds](#).
- j) As actuacións financiáveis non poderán promocionar as actividades indicadas na Cláusula 3.2 do [Convenio Microcreds](#).

7. Financiamento

Poderase financiar ata o 70 % dos custos de produción e impartición, sempre que estes custos sexan gastos elixibles.

Unha vez calculado este financiamento, o resto dos ingresos necesarios para cumprir coas condicións económicas de autofinanciamento da formación requiridas serán cubertos polo prezo público da matrícula establecida para a microcredencial ou, de ser o caso, por outros fondos compatibles cos desta convocatoria.

Para establecer o prezo público da matrícula dunha microcredencial terase en conta que este prezo non sexa inferior ao 30 % dos custos directos de produción e impartición, e non poderá superar os custos de produción e impartición, que se estiman en 94 euros por alumno/a e crédito ECTS.

Unha vez finalizada cada acción formativa, calcularase o financiamento final de acordo co número de microcredenciais emitidas.

8. Presentación de solicitudes e prazo

As novas propostas de MCU presentaranse na Unidade de Estudos Propios (UEP) a través do formulario para a proposición de microcredenciais universitarias dispoñible na paxina web <https://www.udc.es/uepp/mcu/>, xunto coa documentación alí indicada.

As propostas de MCU deben contar coa aprobación do órgano colexiado da unidade que conste como organizadora académica. A dirección académica debe recaer nun membro do colectivo PDI da UDC e o equipo docente poderá estar formado por profesorado da UDC, así como profesorado externo, especialista na materia ou profesionais do sector que poidan achegar a súa experiencia ás MCU, cos límites indicados no Regulamento de estudos propios da UDC.

Poderanse facer propostas de MCU que agrupadas permitan obter un título propio superior, como mestrado de formación permanente, especialista ou experto/a, mediante a superación das correspondentes MCU sempre e cando o requisito de entrada das MCU sexa posuír un título de grao.

As solicitudes de microcredenciais que cumpran coas condicións desta convocatoria poderanse presentar **ata que se esgoten os fondos dispoñibles ou ata o 10 de decembro de 2025, como data límite**. Se na data límite sinalada non se esgotaran os fondos dispoñibles, poderase establecer un novo prazo posterior.

9. Gastos elixibles

A elixibilidade de gastos para financiar ao abeiro desta convocatoria está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia e os futuros desenvolvementos deste regulamento.

1. Gastos de persoal docente coa cualificación necesaria para o deseño, organización e produción de microcredenciais, sempre que a contratación sexa exclusivamente para esta actividade e non teña dobre financiamento. Estes gastos inclúen os custos de dirección e coordinación das actividades formativas.
2. Gastos de persoal de apoio, exclusivamente para a execución do programa.
3. Gastos de adquisición de material e subministracións non inventariables necesarios para executar as actividades subvencionadas.
4. Gastos de material inventariable limitado á adquisición de equipamento novo que sexa necesario para executar as actividades subvencionadas e que se destine principalmente para este fin.
5. Gastos de custos de explotación en que incorran os formadores/as, como gastos de viaxe e axudas de custo, e os custos asociados á preparación do material docente.

10. Gastos non elixibles

1. Non se poderán imputar custos financeiros nin impostos indirectos, como o imposto sobre o valor engadido (IVE).
2. Non serán financiados os gastos orzamentarios e recorrentes.

11. Resolución das propostas

Unha vez presentada unha proposta, correspóndelle ao Consello de Goberno da UDC (ou comisión en quen delegue) a súa aprobación.

As propostas que cumpran os requisitos do apartado 4 poderán ser financiadas ata un máximo do 70 % dos gastos elixibles descritos na proposta, dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.

12. Certificación

Unha vez cursada e superada a MCU, o estudiantado poderá obter unha certificación dixital a través da plataforma Europass.

A dirección da microcredencial será a responsable de recoller os identificadores en Europass do alumnado e enviarllos a UEP para tramitar as certificacións dixitais.

13. Xustificación

1. A dirección dunha microcredencial subvencionada nesta convocatoria deberá presentar unha memoria técnica descritiva das actividades realizadas, en particular, as relacionadas cos ingresos e gastos executados, tanto materiais como de persoal. A documentación cumprirá as instrucións

para xustificar a subvención segundo o indicado no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. A documentación xustificativa axustarase aos prazos e conterá os documentos establecidos no Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento e a execución de microcredenciais, do 2 de maio de 2025, de concesión de subvención destinada ao financiamento do Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A memoria técnica descritiva deberáselle presentar á Unidade de Estudos Propios (UEP) no prazo máximo de vinte días desde a finalización da MCU.

14. Publicidade e información

A UDC e a dirección da microcredencial publicitará a subvención concedida facendo mención expresa da Xunta de Galicia, así como do Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión Europea- NextGeneration EU, en todas as publicacións, carteis e toda a documentación relacionada co proxecto.

A obriga de publicidade a que se refire o apartado anterior comprende calquera tipo de difusión física ou virtual realizada por medio de *flyers*, rótulos, folletos ou anuncios, tanto por redes sociais, webs ou outros medios de difusión propios ou externos, como por calquera cartel informativo ou publicitario físico que se refira ao proxecto subvencionado ou á microcredencial ofertada.

Ademais, daráselle publicidade en toda a documentación empregada na execución da actividade subvencionada, como o material docente e de impartición, certificacións e documentos de xestión da actividade.

Incluíranse, como mínimo, os logos oficiais das entidades anteriormente mencionadas, na seguinte orde:

15. Protección de datos

O tratamento de datos está suxeito á normativa legal e propia da Universidades da Coruña en cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos, e demais normativa vixente de aplicación nesta materia.

Para calquera consulta envíe un correo electrónico a direccion.uepp@udc.es